

MEMORIA DESCRIPTIVA PARA A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DO ENIL

MONTE DA PENA

*PROPOSTA PARA A DECLARACIÓN COMO ESPAZO NATURAL
DE INTERESE LOCAL (ENIL) “MONTE DA PENA”*

MEMORIA DESCRIPTIVA PARA A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DO ENIL

MONTE DAPENA

PROPOSTA PARA A DECLARACIÓN COMO ESPAZO NATURAL DE
INTERESE LOCAL (ENIL) “MONTE DA PENA”. Concello de
Outes (A Coruña).

Figura de protección prevista na Lei 3/2019, do 2 de
agosto, do patrimonio naturale da biodiversidade de Galicia

Redacción:

Xabier Vázquez Pumariño
NIF: 33317259 B
Biólogo colegiado: 12397-CL
xabiervp@gmail.com

O obxectivo da presente memoria motivada é a declaración como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) o Monte da Pena dentro do territorio do Concello de Outes.

O Concello de Outes comprométese a desenvolver as accións necesarias para a conservación dos valores naturais que xustifican a presentación da presente memoria e a declaración do lugar como ENIL Monte da Pena.

INDICE

1. ANTECEDENTES.....	6
2. NOME DO ENIL.....	9
3. PROMOTOR.....	9
4. ACORDO DO CONCELLO INCLUÍNDO O COMPROMISO FORMA DE POÑER EN PRÁCTICA AS MEDIDAS NECESARIAS PARA A CONSERVACIÓN DOS VALORES NATURAIS QUE MOTIVAN A DECLARACIÓN, ASÍ COMO DE ELABORAR O CORRESPONDENTE PLAN DE CONSERVACIÓN E DE USO PÚBLICO DESTE ESPAZO.....	10
5. PLANO DE LOCALIZACIÓN.....	11
6. PLANO DE DELIMITACIÓN DO PERÍMETRO A ESCALA 1:5000 OU SUPERIOR.....	12
7. LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO, DE PRECISIÓN SUBMÉTRICA, COAS COORDENADAS UTME DE TODOS OS VÉRTICES DA POLIGONAL QUE REPRESENTEN O PERÍMETRO DO ESPAZO.....	13
8. DESCRICIÓN EN LETRA DOS LÍMITES ESPAZO EN CUESTIÓN.....	14
9. VALORES NATURAIS DO ESPAZO QUE XUSTIFICAN A PROPOSTA E ESTADO DE CONSERVACIÓN.....	16
9.1. FLORA E VEXETACIÓN.....	16
9.2. VALORACIÓN DA FLORA E VEXETACIÓN.....	18
9.3. FAUNA.....	18
9.3.1. INVENTARIO.....	18
9.4. VALORACIÓN DA FAUNA.....	23
10. ACCESOS E POSIBLES GRAVAMES SOBRE O ESPAZO NATURAL.....	23
11. DESCRICIÓN SOCIOECONÓMICA DO CONTORNO.....	25
11.1. DEMOGRAFÍA DO CONCELLO.....	25
11.2. Actividade económica.....	25
12. NORMATIVA URBANÍSTICA APLICABLE AO SOLO ONDE SE LOCALIZA O ESPAZO NATURAL.....	26
13. USOS E APROVEITAMENTOS DOS RECURSOS NATURAIS DO ESPAZO NATURAL QUE SE VAI PROTEXER ASÍ COMO USOS DO SOLO DAS ÁREAS CONTIGUAS.....	27
Gandeiro.....	27
Forestal.....	27
Ocio.....	27
14. ACTIVIDADES QUE SE PREVÉ QUE SE POIDAN DESENVOLVER.....	28
15. NECESIDADES ORZAMENTARIAS PARA A XESTIÓN E FONTES DE FINANCIAMENTO PREVISTAS.....	28
16. OUTROS DATOS QUE O PROMOTOR CONSIDERE DE INTERESE.....	29
17. ANEXO FOTOGRÁFICO.....	30
Anexo I. Levantamento Topográfico.....	38
Anexo II. Informe arqueolóxico.....	39

1. ANTECEDENTES

O Artigo 45.1 da Constitución española de 1978 expresa que “todos teñen dereito a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo”. Ademáis o Estatuto de Autonomía de Galicia recolle como competencia exclusiva da autonomía para dictar normas adicionais de protección do medio ambiente e a paisaxe.

A **Lei 5/2019**, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia (DOG Núm. 149 Mércores, 7 de agosto de 2019 Páx. 35934) no seu **Título II, dos Espazos Naturais Protexidos; Capítulo I, Concepto e Categorías** recolle no seu **Artículo 22** as diferentes Categorías de espazos naturais protexidos. Entre eles, o Espazo Natural de Interese Local. A continuación desenvólvese no seguintes artigos:

No **Artigo 29** desenvólvese o concepto de Espazo natural de interese local:

1. Son espazos naturais de interese local aqueles espazos integrados nun ou en varios termos municipais que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais a nivel local.
2. A responsabilidade e a competencia na xestión destes espazos corresponderalles ás entidades locais, no seu ámbito territorial respectivo.
3. As entidades locais poderán constituír consorcios, mancomunidades ou outras modalidades asociativas para a xestión destes espazos e poderán subscribir acordos de cesión total ou parcial da súa xestión con entidades de custodia do territorio, sen que os ditos acordos alteren o réxime de responsabilidade previsto na alínea anterior.
4. Estes espazos non se considerarán incluídos na Rede galega de espazos protexidos, e a súa declaración como espazos naturais protexidos non implicará a asignación de recursos da Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que poderán ter preferencia na obtención de axudas para a súa conservación e xestión.
5. Nestes espazos promoverase o desenvolvemento de actuacións de educación ambiental e uso social do ambiente.
6. A declaración dun espazo natural de interese local en terreos de propiedade privada requirirá a conformidade expresa das persoas propietarias ou titulares dun dereito de uso.

O **Artigo 39** recolle o relativo á **Iniciación**

1. A iniciación do procedemento de declaración dun espazo natural protexido, agás os recollidos na alínea seguinte deste artigo, efectuaráa de oficio a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural. O acordo do seu inicio publicarase no Diario Oficial de Galicia.

2. O procedemento de declaración dun espazo natural de interese local ou dun espazo privado de interese natural iniciárase por instancia dunha das partes mediante a presentación da documentación prevista nos artigos 40 e 64.

Artigo 40. Tramitación. A tramitación do procedemento de declaración dun espazo natural protexido requirirá a elaboración dunha memoria co contido mínimo seguinte:

- a) A descrición das principais características do espazo
- b) A xustificación da proposta de declaración como espazo natural protexido
- c) A descrición dos límites do espazo e, se é o caso, da zona periférica de protección, tanto literal coma cartográfica
- d) O réxime de protección aplicable, e
- e) As liñas básicas do instrumento de planificación, agás no caso dos parques naturais e das reservas naturais.

A dita memoria acompañarase, se é o caso, da documentación seguinte:

- a) a acreditación da conformidade das persoas propietarias ou titulares dun dereito de uso no caso de espazos naturais de interese local e espazos privados de interese natural que inclúan terreos de propiedade privada, e

- b) o acordo do Pleno do concello ou dos concellos correspondentes, no caso dun espazo natural de interese local.

3. A memoria referida na liña anterior someterase ao trámite de participación pública nos termos previstos no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

4. Ao se concluír a participación pública, elaborárase o proxecto de norma que corresponda que inclúa a proposta de declaración do espazo natural protexido e, se é o caso, do instrumento de planificación respectivo.

5. Este proxecto de norma someterase durante o prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas e de información pública. Igualmente, solicitaráselles un informe a aquelas consellarías cuxas competencias resulten afectadas, aos concellos situados no ámbito territorial do espazo obxecto do procedemento, a calquera outra administración afectada e, no caso dos espazos naturais protexidos para incluír na Rede galega de espazos protexidos, ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días. No caso contrario procederase coa continuación do procedemento, a menos que se acordase a suspensión do prazo para resolver nos termos previstos no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 64. Contido O contido das normas de xestión e de conservación desenvolverase regulamentariamente e abranguerá, en todo caso, como mínimo:

- a) A delimitación do seu ámbito de protección, que poderá ser discontinuo cando resulte necesario
- b) A referencia á documentación acreditativa da titularidade dos terreos
- c) A normativa urbanística aplicable ao solo en que se sitúe o espazo natural
- d) Os accesos e os posibles gravames existentes sobre o espazo natural
- e) A identificación dos valores que se deben protexer e dos posibles riscos que poidan afectar os seus valores naturais
- f) Os usos, as actividades e os aproveitamentos do solo e dos recursos naturais existentes
- g) A descrición socioeconómica da contorna
- h) Os obxectivos da conservación
- i) A referencia ás normas de competencia da Administración local que se vaian aplicar nos espazos naturais de interese local
- j) A programación das actuacións que se van desenvolver no espazo natural
- k) As necesidades orzamentarias para a xestión e as fontes de financiamento previstas
- l) O compromiso do promotor de asignar os recursos económicos necesarios para a xestión do espazo. No caso dos espazos naturais de interese local, este compromiso deberá contar co acordo dos organismos promotores, que serán as entidades locais correspondentes
- m) O programa de seguimento
- n) A identificación das medidas para garantir a conectividade ecolóxica, establecendo ou restablecendo uns corredores con outros espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade.

2. NOME DO ENIL.

O nome do Espazo Natural de Interese Local proposto polo Concello de Outes (A Coruña) é:

Monte da Pena.

Comprende á área máis elevada de dito monte chamado Pedra da Pena a 474 metros s.n.m. e unha superficie de 54,55 ha.

3. PROMOTOR

Corresponde ao Concello de Outes a iniciativa de declarar como Espazo Natural de Interese Local o mencionado Monte da Pena.


O Monte da Pena é un dos puntos máis elevados do Concello dende onde podemos divisar un amplo territorio desta área da provincia da Coruña, incluíndo paisaxes icónicas como a ría de Muros e Noia ou o Monte Pindo. A contorna leva sendo obxecto de actuacións que comprometen a calidade ambiental e os procesos ecolóxicos de amplas zonas, mais o Monte da Pena polas súas peculiares condicións de altura, localización e litoloxía, onde atopamos un característico afloramento granítico conserva unha gran calidade ambiental.

O obxectivo deste ENIL é a protección da contorna para evitar outros problemas de degradación ambiental e permitir o uso e goce da natureza a nivel local.


4. ACORDO DO CONCELLO INCLUÍNDO O COMPROMISO FORMA DE POÑER EN PRÁCTICA AS MEDIDAS NECESARIAS PARA A CONSERVACIÓN DOS VALORES NATURAIS QUE MOTIVAN A DECLARACIÓN, ASÍ COMO DE ELEBORAR O CORRESPONDENTE PLAN DE CONSERVACIÓN E DE USO PÚBLICO DESTE ESPAZO.

O Excmo. Concello de Outes acordará en tempo e forma os compromisos das medidas necesarias para a conservación dos valores naturais que motivan a solicitude do Monte da Pena como ENIL.

5. PLANO DE LOCALIZACIÓN



6. PLANO DE DELIMITACIÓN DO PERÍMETRO A ESCALA 1:5000 OU SUPERIOR



**7. LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO, DE PRECISIÓN
SUBMÉTRICA, COAS COORDENADAS UTME DE TODOS OS
VÉRTICES DA POLIGONAL QUE REPRESENTEN O
PERÍMETRO DO ESPAZO**

Ver Anexo I


8. DESCRICIÓN EN LETRA DOS LÍMITES ESPAZO EN CUESTIÓN

O espazo natural proposto como ENIL, o Monte da Pena, sitúase no Concello de Outes, provincia da Coruña, no límite co Concello de Negreira, pertencendo á parroquia de Santo Ourente de Entíns (Santo Ourente). Limita, polo tanto, ao este co Concello de Negreira.

Ao norte atópase no límite do denominado Chan da Lagoa, mentres que ao oeste limita co lugar denominado o Canliño facendo de límite físico a pista ou camiño forestal existente entre o Monte do Piñeiro, a norte e as proximidades da aldea dos Casais e do norte desta ata o Porto dos Bois.

Os lugares de referencia máis próximos no Concello de Outes son as Aldeas de O Piñeiro, Mourelas e Os Casais.

Se adjunta plano con las divisiones catastrales:



9. VALORES NATURAIS DO ESPAZO QUE XUSTIFICAN A PROPOSTA E ESTADO DE CONSERVACIÓN

Recóllense a continuación os principais elementos da flora e fauna que podemos atopar no Monte da Pena e que, constitúen en xeral elementos de interese de cara a súa protección.

9.1. FLORA E VEXETACIÓN

A flora e a vexetación do Monte de Pena caracterízase por medrar sobre unha litoloxía de granitoides alcalinos situada entre os 300 y 477 metros sobre o nivel do mar. Polo tanto atopámonos un chan de pouca potencia historicamente moi modificado por deforestacións para a apertura de pastos para gando rústico.

Así a vexetación xeral que nos imos atopar é moite baixo inda que naquelas áreas con chan de maior potencia e/ou máis protexidos atopamos vexetación arbórea, reminiscencia dos bosques que cubrían o territorio; a vexetación de carácter forestal máis careacterística está situado nas proximidades do Rego da Figueira que nace neste punto. Nos chamativos afloramentos graníticos atopamos significativas comunidades liquénicas.

Entre a comunidade de **mato ou monte baixo**, maioritaria en superficie atopamos como especies dominantes:

- Toxo (*Ulex europaeus*)
- Xesta brava (*Cytisus striatus*)
- Silvas (*Rubus lusitanus*)
- Fentos (*Pteridium aquilinum*).

Nas áreas de mato con menos cobertura atopamos outras especies como:

- Queiruga maior (*Daboecia cantábrica*),
- Toxo arnal (*Ulex minor*)
- Queiruga de tres follas (*Erica cinerea*),
- Carqueixa boiera (*Halimium alyssoides*)
- Queiruga de umbela (*Erica umbellata*), máis escasa
- Piorno de tres espiñas (*Genista triacanthos*)
- Carpaza (*Cistus psilosepalus*)
- *Calluna vulgaris*
- Tollemerendas (*Colchium montanum*)

Entre as especies de gramíneas en lugares máis degradados por pistas ou incendios antigos atopamos gramíneas como:

- *Agrostis capillaris*
- *Avenula sulcata*

- *Anthoxanthum odoratum*.

Atopamos pequenas representacións dos **bosque primixenio** en forma de pequenos rodais ou ben con pes aillados de árbores. A especie de árbore dominante é:

- Carballo (*Quercus robur*)

Acompáñase dalgúns pes de:

- Rebolos (*Quercus pirenaica*) e híbridos dos mesmos
- Acivro (*Ilex aquifolium*)
- Loureiros (*Laurus nobilis*)
- Salgueiros (*Salix atrocinerea*) en puntos con maior humidade ou acumulación de auga.

No **sotobosque** destes rodais forestais atopamos un boa representación de herbas nemorais:

- Seixebra (*Teucrium scorodonia*)
- Abelariña (*Saxifraga spathularis*)
- A poacea (*Holcus mollis*)
- O feito (*Asplenium onopteris*)
- *Luzula fosteri*
- *Luzula sylvatica*
- *Viola riviniana*
- Herba caralleira (*Linaria triornithophora*),
- *Omphalodes nitida*,
- Paxareiras (*Aquilegia vulgaris*),
- *Anemone trifolia*
- Xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*),
- Torvisco (*Daphne gnidium*),
- *Rubia peregrina*,
- *Viburnum tinus*.
- Azafrán bravo (*Crocus serotinus*)

Tamén atopamos pes aillados de pereira brava (*Pyrus cordata*).

O espazo natural atópase rodeado de cultivos de piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) que entran por diferentes puntos á area delimitada particularmente mesturados co monte baixo. Tamén atopamos algún pes de eucalipto (*Eucalyptus globulus*), procedente de cultivos forestais máis recentes.

O **hábitat** que atopamos maioritariamente segundo a directiva de Hábitats 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestre é o denominado “uceiras secas europeas” (código 4030)

9.2. VALORACIÓN DA FLORA E VEXETACIÓN

A flora e a vexetación son comúns e propias desta área de Galicia. Compre decir que os hábitats representados no Monte da Pena están a día de hoxe moi reducidos polo un intensivo uso humano, con emprego do lume como ferramenta de xestión histórica para a creación de pastizais e outras áreas abertas para ser empregadas como pasteiro rústico.

Así, nesta pequena superficie atopamos a día de hoxe un hábitat de interese comunitario, as uceiras secas europeas, cunha interesante cohorte de flora representativa da paisaxe común na fachada atlántica galega. Igualmente atopamos pequenas áreas forestais con presenza de exemplares de árbores nativas, fundamentalmente carballos (*Quercus robur*) e rebolos (*Quercus pyrenaica*).

A flora e vexetación do Monte da Pena supón, en definitiva, unha illa cunha boa representación de flora autóctona en medio dunha paisaxe dominada por un uso moi intensivo polo que se refire ao cultivo de especies forestais de crecemento rápido como son os piñeirais e eucaliptais. A presenza de áreas rochosas proporcionou igualmente refuxio a diferentes especies e formacións vexetais do uso histórico do lume na zona para a apertura de pastos.

9.3. FAUNA

Recopílese a fauna de Vertebrados existente na cuadrícula de 10x10 km 29TNH14 en función da información disponible actualmente e en relación a unha aproximación realista dos hábitats existentes no Monte da Pena, isto é basicamente, áreas de monte baixo, praderías, rodais de bosque de pequenas dimensións así como contorna de cultivos forestais recentes. A información dispoñible para a área respecto a Invertebrados é moi escasa, parcial ou directamente inexistente.

9.3.1. INVENTARIO

A continuación se ofrece a lista de vertebrados con presenza en la zona. Igualmente se indica o seu estatus legal en función da lexislación vixente:

1. *Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas.* Neste RD indícanse as especies pertencentes ao listado (L) e aquelas que ademais se atopan incluídas dentro do *catálogo de especies amenazadas*, con dúas categorías, en *peligro de extinción* e *vulnerables*.

2. Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA), Decreto 88/2007 de 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de especies ameazadas e establece dúas categorías de ameaza para diferentes especies de fauna en Galicia: “en Perigo de Extinción” e “Vulnerables”.
3. Directiva 09/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres (Anexos I, II e III).
4. *Ley 42/2007, del 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad*. Anexos II, IV, V e VI.
5. Unión Internacional de Conservación da Natureza (UICN). As categorías van de Non Avaliado (NE), Datos Insuficientes (DD), Preocupación menor (LC) , Casi Ameazado (NT), Vulnerable (VU), En Perigo (EN) e En Perigo Crítico (PC).
6. Convenio relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa. Berna, 19 de setembro de 1979. Anexos II, III.
7. Convenio sobre a conservación de especies migratorias da fauna silvestre. Bonn, 23 de xullo de 1979. Anexos I, II.

Lista de fauna do Monte da Pena							
Especie	Lexislación						
	1	2	3	4	5	6	7
ANFIBIOS							
<i>Bufo spinosus</i>					LC	III	
<i>Epidalea calamita</i>	L			V	LC	II	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	VU	VU		II,V	VU	II	
<i>Discoglossus galganoi</i>	L	VU (IN)		II,V	LC	II	
<i>Hyla molleri</i>	L	VU		V	LC	II	
<i>Lissotriton boscai</i>	L				LC	III	
<i>Lissotriton helveticus</i>	L				LC	III	
<i>Alytes obstetricans</i>	L			V	LC	II	
<i>Rana iberica</i>	L	VU		V	NT	II	
<i>Pelophylax perezi</i>				VI	LC	III	
<i>Rana parvipalmata</i>	L	VU		VI	LC	III	
<i>Salamandra salamandra</i>		VU (IN)			LC	III	
<i>Triturus marmoratus</i>	L			V	LC	III	
REPTILES							
<i>Anguis fragilis</i>	L	VU(IN)			NT	III	
<i>Chalcides striatus</i>	L				LC	III	
<i>Coronella austriaca</i>	L			V		II	
<i>Timon lepidus</i>	L	VU (IN)			NT	II	
<i>Lacerta schreiberi</i>	L			II,V	NT	II	
<i>Natrix maura</i>	L	VU (IN)			LC	III	
<i>Natrix astreptophora</i>	L	VU (IN)			LR	III	
<i>Podarcis bocagei</i>					LC	III	
<i>Podarcis guadarramae</i>					LC	III	
<i>Zamenis scalaris</i>	L	VU (IN)			LC	III	
<i>Vipera seoanei</i>					LC	III	
AVES							
<i>Accipiter gentilis</i>	L				LC	II	II
<i>Accipiter nisus</i>	L				LC	II	II

Lista de fauna do Monte da Pena							
Especie	Lexislación						
	1	2	3	4	5	6	7
<i>Aegithalos caudatus</i>	L				LC	II	
<i>Alauda arvensis</i>			II/1		LC	III	
<i>Alcedo atthis</i>	L		I	IV	LC	II	
<i>Alectoris rufa</i>			II/1 III/1		LC	III	
<i>Anas platyrhynchos</i>			II/1 III/1		LC	III	II
<i>Anthus pratensis</i>	L				LC	II	
<i>Anthus trivialis</i>	L				LC	II	
<i>Apus apus</i>	L				LC	III	
<i>Ardea cinerea</i>	L				LC	III	
<i>Buteo buteo</i>	L				LC	II	II
<i>Caprimulgus europaeus</i>	L		I	IV	LC	II	
<i>Carduelis cannabina</i>					LC	II	
<i>Carduelis carduelis</i>					LC	II	
<i>Carduelis chloris</i>					LC	II	
<i>Carduelis spinus</i>	L				LC	II	II
<i>Certhia brachydactyla</i>	L				LC	II	
<i>Cettia cetti</i>	L				LC	II y III	II
<i>Cinclus cinclus</i>	L				LC	II	
<i>Circaetus gallicus</i>	L		I	IV	LC	II	II
<i>Circus cyaneus</i>	L	VU	I	IV	LC	II	II
<i>Circus pygargus</i>	VU	VU	I	IV	LC	II	II
<i>Cisticola juncidis</i>	L				LC	II	II
<i>Columba livia (domestica)</i>						III	
<i>Columba palumbus</i>			II/1 III/1		LC		
<i>Corvus corax</i>					LC	III	
<i>Corvus corone</i>			II/2		LC		
<i>Coturnix coturnix</i>			II/2		LC	III	II
<i>Cuculus canorus</i>	L				LC	III	
<i>Delichon urbica</i>	L				LC	II	
<i>Dendrocopos major</i>	L				LC	II	
<i>Emberiza calandra</i>					LC	III	
<i>Emberiza cia</i>	L				LC	II	
<i>Emberiza cirulus</i>	L				LC	II	
<i>Emberiza citrinella</i>	L				LC	II	
<i>Erithacus rubecula</i>	L				LC	II	II
<i>Falco peregrinus</i>	L		I	IV	LC	II	II
<i>Falco subbuteo</i>	L				LC	II	II
<i>Falco tinnunculus</i>	L				LC	II	II
<i>Ficedula hypoleuca</i>	L		II		LC	II	II
<i>Fringilla coelebs</i>					LC	III	
<i>Fringilla montifringilla</i>	L		II/1 III/2		LC	III	
<i>Fulica atra</i>			II/1 III/2		LC	III	II
<i>Gallinago gallinago</i>		PE	II/1 III/2		LC	III	II
<i>Garrulus glandarius</i>					LC		
<i>Hieraaetus pennatus</i>	L		I	IV	LC	II	II
<i>Hippolais polyglotta</i>	L				LC	II	II
<i>Cecropis daurica</i>	L				LC	II	
<i>Hirundo rustica</i>	L				LC	II	

Lista de fauna do Monte da Pena							
Especie	Lexislación						
	1	2	3	4	5	6	7
<i>Jynx torquilla</i>	L				LC	II	
<i>Lanius collurio</i>	L		I	IV	LC	II	
<i>Lanius meridionalis</i>	L				LC	II	
<i>Larus fuscus</i>			II/2		LC		
<i>Larus michahellis</i>			II/2		LC	III	
<i>Lullula arborea</i>	L		I	IV	LC	III	
<i>Milvus migrans</i>	L		I	IV	LC	II	II
<i>Motacilla alba</i>	L				LC	II	
<i>Motacilla cinerea</i>	L				LC	II	
<i>Motacilla flava</i>	L				LC	II	
<i>Muscicapa striata</i>	L				LC	II	II
<i>Oenanthe oenanthe</i>	L				LC	II	II
<i>Oriolus oriolus</i>	L				LC	II	
<i>Pandion haliaetus</i>	VU	VU	I	IV	LC	II	II
<i>Periparus ater</i>	L				LC	II	
<i>Cyanistes caeruleus</i>	L				LC	II	
<i>Lophophanes cristatus</i>	L				LC	II	
<i>Parus major</i>	L				LC	II	
<i>Passer domesticus</i>					LC	II	
<i>Passer montanus</i>					LC	III	
<i>Pernis apivorus</i>	L		I	IV	LC	II	II
<i>Phalacrocorax carbo</i>			II		LC	II	
<i>Phoenicurus ochruros</i>	L				LC	II	II
<i>Phylloscopus collybita</i>	L				LC	II	II
<i>Phylloscopus ibericus</i>	L				LC	II	II
<i>Phylloscopus trochilus</i>	L				LC	III	II
<i>Pica pica</i>			II/2		LC		
<i>Picus sharpei</i>	L				LC	II	
<i>Prunella modularis</i>	L				LC	II	II
<i>Ptyonoprogne rupestris</i>	L		II		LC	II	
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	L				LC	III	
<i>Regulus ignicapilla</i>	L				LC	II	II
<i>Riparia riparia</i>	L				LC	II	
<i>Saxicola rubetra</i>	L				LC	II	II
<i>Saxicola rubicola</i>	L				LC	II	II
<i>Scolopax rusticola</i>		VU	II/1 III/2		LC	III	II
<i>Serinus serinus</i>					LC	II	
<i>Sitta europaea</i>	L				LC	II	
<i>Streptopelia decaocto</i>			II/2		LC	III	
<i>Streptopelia turtur</i>			II/2		LC	III	
<i>Strix aluco</i>	L				LC	II	
<i>Sturnus unicolor</i>					LC	II	
<i>Sturnus vulgaris</i>			II/2		LC		
<i>Sylvia atricapilla</i>	L				LC	II	II
<i>Sylvia borin</i>	L				LC	II	II
<i>Sylvia communis</i>	L				LC	II	II
<i>Sylvia melanocephala</i>	L				LC	II	II
<i>Sylvia undata</i>	L		I	IV	NT	II	II

Lista de fauna do Monte da Pena							
Especie	Lexislación						
	1	2	3	4	5	6	7
<i>Troglodytes troglodytes</i>	L				LC	II	
<i>Turdus iliacus</i>			II/2		LC	III	
<i>Turdus merula</i>			II/2		LC	III	II
<i>Turdus philomelos</i>			II/2		LC	II	II
<i>Turdus pilaris</i>			II/B		LC	III	
<i>Turdus viscivorus</i>			II/2		LC	II	II
<i>Tyto alba alba</i>	L				LC	II	
<i>Upupa epops</i>	L				LC	II	
<i>Vanellus vanellus</i>		PE	II/2		LC	III	II
MAMÍFEROS							
<i>Apodemus sylvaticus</i>					LC		
<i>Arvicola sapidus</i>					VU		
<i>Canis lupus</i>				II	LC	II	
<i>Capreolus capreolus</i>					LC	III	
<i>Crocidura russula</i>					LC	III	
<i>Crocidura suaveolens</i>					LC	III	
<i>Eliomys quercinus</i>					NT	III	
<i>Erinaceus europaeus</i>					LC	III	
<i>Felis silvestris</i>	L			V	LC	II	
<i>Galemys pyrenaicus</i>	VU	VU		II,V	VU	II	
<i>Genetta genetta</i>				VI	LC	III	
<i>Lepus granatensis</i>					LC		
<i>Lutra lutra</i>	L			II,V	NT	II	
<i>Martes foina</i>					LC	III	
<i>Martes martes</i>				VI	LC	III	
<i>Meles meles</i>					LC	III	
<i>Microtus agrestis</i>					LC		
<i>Microtus lusitanicus</i>					LC		
<i>Mus musculus</i>					LC		
<i>Mustela nivalis</i>					LC	III	
<i>Mustela putorius</i>				VI	LC	III	
<i>Myotis daubentonii</i>	L			V	LC	II	II
<i>Neomys anomalus</i>					LC	III	
<i>Neovison vison</i>					LC		
<i>Nyctalus leisleri</i>	L			V	LC	II	II
<i>Oryctolagus cuniculus</i>					NT		
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	L			V	LC	III	II
<i>Rattus norvegicus</i>					LC		
<i>Rattus rattus</i>					LC		
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	L	VU		II,V	LC	II	II
<i>Sciurus vulgaris</i>					LC	III	
<i>Sorex granarius</i>					LC	III	
<i>Sorex minutus</i>					LC	III	
<i>Sus scrofa</i>					LC		
<i>Talpa occidentalis</i>					LC		
<i>Vulpes vulpes</i>					LC		

En total atopamos 167 especies de vertebrados que poderían empregar de xeito máis ou menos regular o Monte da Pena ao longo dun ciclo anual.

Como se sinalaba ao inicio, a fauna de Invertebrados atópase escasamente estudiada se ben a área correspóndese coa distribución do Caracol de Quimper (*Elona quimperiana*) recollido como En Perigo de Extinción no Anexo I do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

9.4. VALORACIÓN DA FAUNA

En total das 167 especies de vertebrados que potencialmente poden empregar o Monte da Pena ao longo dun ano, 13 son anfibios, 11 réptiles, 107 aves e 36 mamíferos. Porén hai que especificar que diferentes especies, se ben poden atoparse puntualmente na zona, o hábitat e o tamaño do espazo non permitirían unha presenza continua.

En función dos diferentes grados de protección que acadan estas especies segundo a lexislación vixente podemos sinalar:

- Na zona podemos atopar con alta probabilidade 2 especies catalogadas como Vulnerables no Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (CNEA, RD 139/2011), a pintiga rabilonga (*Chioglossa lusitánica*) e a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*).
- No Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) podemos atopar catalogadas como Vulnerables, ademáis das dúas catalogadas na lexislación a nivel estatal, a estroza (*Hyla molleri*).

En xeral a pesar do pequeno tamaño da área atopamos boas representacións de hábitat de monte baixo xunto con pequenos rodais de bosque autóctono, moi castigados historicamente polo uso intensivo humano, así como hábitat rochoso. Así as especies que imos atopar están en relación con este medio constituíndo en conxunto unha boa representación do mesmo nun territorio xusto onde este tipo de hábitats están moi reducidos pola presión humana sobre o medio. O valoración en canto á fauna correspóndese con un microrreserva de fauna propia de medios en regresión e que, polo tanto, supón un reservorio xenético e demográfico para numerosas especies.

10. ACCESOS E POSIBLES GRAVAMES SOBRE O ESPAZO NATURAL

O acceso dende Serra de Outes, capital do concello pasa pola aldea de O Piñeiro, al oeste da contorna do Monte da Pena, se ben podemos acceder igualmente dende as aldeas de Mourelas e Buíste.

Logo de O Piñeiro unha pista que discurre en dirección sur-surleste nos vea ata o alto da corda do Monte da Meda. A pista non está asfaltada. Unha vez situados no corda do monte podemos acceder á parte norte a través doutra pista, o que nos levará ao punto máis elevado do Monte da Pena. Se polo contrario nos diriximos á area sur, existen un par de sendeiros cos que podemos acceder a visitar esta parte do espazo.

Dende o veciño concello de Mazaricos podemos acceder ao mesmo lugar dende a aldea O Salgueira, ao norte da que discurre a pista que nos conduce ao alto da corda igualmente.

Estes accesos son públicos e non teñen gravamen.

11. DESCRICIÓN SOCIOECONÓMICA DO CONTORNO

Segundo a información recollida no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Outes a situación socioeconómica do concello sería a seguinte.

11.1. DEMOGRAFÍA DO CONCELLO

A nivel comarcal, Outes e os concellos considerados dentro da comarca natural, isto é: Lousame, Noia, Muros e Porto do Son, ademáis do propio Outes teñen unha tendencia negativa coa excepción de Noia que actúa como capital comarcal.

O concello conta (censo de 2003) cunha poboación de 8.243 habitantes, a densidade é de 82,7 hab./km² que, porén, non é uniforme xa que a poboación concéntrase maioritariamente na costa. A pirámide poboacional amosa que a a súa parte inferior, habitantes de 0 a 9 anos, é máis feble (10% do total), lixeiramente superior é o intervalo de 10 a 10 anos (15,8% da poboación) e aínda máis importante é o intervalo 60-79 anos que supón un 21% do total.

Como se apuntaba a demografía no concello é decrecente ao longo do século, reducíndose dende 1950 a un ritmo medio de 57 habitantes /ano producido por unha baixa natalidade. O descenso é máis acusado nas parroquias do interior.

11.2. Actividade económica

A taxa de actividade no concello é do 41,7% mentres que o número de ocupados é de 2.777 cidadáns nunha taxa de ocupación do 36,15%. O paro ronda o 9%.

O sector primario reduciuse no concello nos últimos anos. Do 33,65% de activos en 1986 pásase ao 16,65% nas seguintes décadas sendo, sen dúbida, un dos cambios máis significativos. Compre dicir que esta porcentaxe de ocupación no sector primario débese en boa medida ao marisqueo (berberecho, ameixa) a través da integración de perto de 300 persoas na Cofradía de Noia; cómpre dicir que neste aspecto esta actividade é temporal en boa medida e complementa ingresos familiares. A actividade agrícola por si representa un 7% da ocupación, reducíndose nos últimos anos.

Xunto coa diminución do sector primario non caen, porén, o número de cabezas de gando bovino xa que estas se ven incrementadas, concentrándose en menos explotacións.

Outros sectores de importancia no concello son a construción (17%) e os servizos (37,80%) que medra nos últimos anos. O sector industrial vese incrementado lixeiramente dende un 13,9% a un 16%, orientado particularmente á transformación da madeira agrupado en pequenas empresas. Ten importancia dentro do sector un asteleiro que agrupa a maior concentración de traballadores do concello.

12. NORMATIVA URBANÍSTICA APLICABLE AO SOLO ONDE SE LOCALIZA O ESPAZO NATURAL

A normativa urbanística aplicable ao solo onde se localiza o Monte da Pena é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado por Orde do 11 de xaneiro de 2011 publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) número 16, de 25 e xaneiro de 2011.

De conformidade coa lexislación vixente os solos do concello son clasificados en urbano, urbanizable, de núcleo rural e rústico. O Monte da Pena e inmediaciónes está clasificado como “solo rústico de protección forestal”

13. USOS E APROVEITAMENTOS DOS RECURSOS NATURAIS DO ESPAZO NATURAL QUE SE VAI PROTEXER ASÍ COMO USOS DO SOLO DAS ÁREAS CONTIGUAS

Actualmente os aproveitamentos que se realizan no Monte da Pena son os seguintes

Gandeiro

As condicións ambientais do Monte da Pena permiten o aproveitamento de gando vacún en réxime extensivo ou semiextensivo. Atopamos un baixo número de cabezas de gando bovino, particularmente na parte sur do mesmo. Esta área a gran altitude e de solos pouco fondos permite a existencia de vexetación de mato (ver Flora e Vexetación) que pode ser aproveitada con éxito por parte de vacas de carácter rústico. Na parte sur do espazo a altitude é menor, o relevo máis suave e os solos lixeiramente máis profundos o que permite a existencia de gramíneas entre o monte baixo aproveitadas polo gando.

Forestal

Este tipo de áreas con pouco uso actual de carácter tradicional, isto é, gandeiro foron empregadas nos últimos anos como zonas de carácter forestal onde se cultivaron especies de crecemento rápido como diferentes piñeiros como o piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) e o Piñeiro de Monterrey (*Pinus radiata*) así como eucaliptus (*Eucalyptus globulus*) máis recentemente nas proximidades.

A área proposta como ENIL atópase maiormente libre de cultivos forestais se ben atopamos pes aillados de piñeiros

Ocio

O Monte da Pena é igualmente unha área TECOR (Terreo Cinexéticamente Controlado) que conta, polo tanto cun uso cinexético, se ben a pouca superficie do mesmo fai que a actividade en si teña un uso limitado dentro dos límites da área proposta.

Por outra banda é un miradoiro natural sobre a ría de Muros e Noia e boa parte do Concello de Outes así como outros fitos xeográficos de gran interese paisaxístico, posto que dende este Monte podemos ver dende a Península do Barbanza ata o Monte do Pindo, montes do Concello de Negreira, etc. Así que é un lugar empregado por veciños doconcello, particularmente das parroquias próximas, e visitantes ocasionais para a práctica do senderismo con intención lúdica de contemplación da paisaxe e a práctica deportiva.

14. ACTIVIDADES QUE SE PREVÉ QUE SE POIDAN DESENVOLVER

As actividades previstas para a zona son fundamentalmente as mesmas que existen a día de hoxe.

O uso gandeiro permite que a vexetación de mato, fundamentalmente toxos (*Ulex* sp.) manteña unha boa diversidade estrutural permitindo a existencia dos microhábitats existentes a día de hoxe.

A actividade cinexética non resulta moi intensa en toda a área polo que únicamente ten un uso moi limitado durante algúns días ao ano o que non supón un impacto de gran intensidade nin duración no Monte da Pena.

As actividades de ocio ou lúdicas ligadas ao sendeirismo, a contemplación da paisaxe e a contorna así como o uso didáctico enfocado á educación ambiental son usos a potenciar pois a contorna resulta idónea para os mesmos a nivel local e comarcal especialmente e supón un uso moi brando do territorio compatible coa conservación da biodiversidade.

Pola contra recomendase limitar o emprego forestal do ENIL Monte da Pena posto que supón unha transformación importante dos ecosistemas a nivel local. O feito, ademáis, de que este uso estea baseado en especies de crecemento rápido, non autóctonas, supón un impacto significativo a nivel local.

15. NECESIDADES ORZAMENTARIAS PARA A XESTIÓN E FONTES DE FINANCIAMENTO PREVISTAS

As necesidades orzamentarias anuais derivan dos convenios a acadar cos propietarios das fincas incluídas no espazo, da sinalización e mantemento da mesma, tarefas de mellora ambiental, de investigación sobre a biodiversidade e procesos ecolóxicos locais e do desenvolvemento de actividades de educación e divulgación ambiental.

Concepto	Estimación orzamento inicial
Convenios de colaboración custodia do territorio	8.000 €
Señalización	4.000 €
Mellora ambiental	3.000 €
Investigación	5.000 €
Educación e divulgación ambiental	4.000 €
Total	24.000€

16. OUTROS DATOS QUE O PROMOTOR CONSIDERE DE INTERESE

Inclúese un informe arqueolóxico sobre o Monte da Pena no **Anexo II**, elaborado pola empresa ARKAIOS SL a petición do Concello de Outes.

O patrimonio cultural en áreas de interese natural é un elemento que contribue a integrar os valores naturais, culturais, históricos e paisaxísticos nos espazos naturais dotándoos dunha nova dimensión na que se conxugan perspectivas que reforzan o patrimonio nun sentido amplo, aportando singularidade aos espezos e creando sinerxias positivas nas medidas encamiñadas á preservación dos valores do territorio.

17. ANEXO FOTOGRÁFICO



Imaxe 1. Vista xeral do Monte da Pena



Imaxe 2. Vista do Monte da Pena dende a pista de acceso



Imaxe 3. Cúmio do Monte da Pena, vista cara ao norte



Imaxe 4. Vista da paisaxe en dirección sur dende o cúmio do Monte da Pena. Ao fondo a ría de Muros e Noia



Imaxe 5. Vista da parte sur do Monte da Pena coa Esteiro do río Tambre ao fondo



Imaxe 6. Monte da Pena dende o sur



Imaxe 7. Vista do Monte da Pena dende o oeste.



Imaxe 8. Vista invernal da vexetación, pasteiros rústicos e monte baixo



Imaxe 9. Aspecto invernal da vexetación. Apréciase un pé de acivro (*Ilex aquifolium*)



Imaxe 10. Monte baixo característico da zona con algún piñeiro procedente de repoboacións



Imaxe 11. En boa parte do espazo a vexetación dominante é monte baixo co toxo (*Ulex europaeus*) como especie dominante



Imaxe 12. Na área atopamos carballos (*Quercus robur*) naquelas zonas máis protexidas



Imaxe 13. A vexetación maioritaria é monte baixo con pasteiros rústicos intercalados. Os piñeiros proveñen de antigas repoboacións




Imaxe 14. Nas áreas de mato máis abertas podemos atopar tollemerendas (*Colchicum montanum*)



Imaxe 15. Vacas rústicas en réxime semiextensivo na parte sur do espazo natural

Anexo I. Levantamento Topográfico



LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO

REQUIRENTE: CONCELLO DE OUTES

INGENIERO TÉCNICO AGRÍCOLA:

FRANCISCO CALO ABELLEIRA

Nº Colegiado 1.781

Colégio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas

(A Coruña-Portevedra)

FIRMA:



PARAYE: ENTORNO DE MONTE PENA

PARROQUIA: SAN OURENTE DE ENTINS

CONCELLO: OUTES

DATA: ABR/21

ESCALA:

A3 / 1:5.000

PLANO:

1/1

Anexo II. Informe arqueológico



MEMORIA TÉCNICA
ESTUDO DO PATRIMONIO CULTURAL
DO MONTE DA PENA
(Outes, A Coruña)



Entidade Promotora:	CONCELLO DE OUTES
Empresa Arqueolóxica:	ARKAIOS S. L.
Arqueólogo:	MANUEL LESTÓN GÓMEZ



ÍNDICE

- 1. FICHA TÉCNICA**
- 2. MOTIVO DA ACTUACIÓN**
- 3. SITUACIÓN E CARACTERÍSTICAS DA ÁREA DE ESTUDO**
- 4. CARACTERÍSTICAS DO ESTUDO DO PATRIMONIO CULTURAL**
 - 4.1. Análise documental previa
 - 4.2. Características do traballo de campo
 - 4.3. As Mámoas 1 e 2 de Pedra Vella (GA15064020 e GA15064036)
- 5. EQUIPO DE TRABALLO E TEMPO DE EXECUCIÓN**
- 6. PRESENTACIÓN DE RESULTADOS**
 - 6.1. Xacementos arqueolóxicos
 - 6.2. Materiais arqueolóxicos
 - 6.3. Patrimonio arquitectónico
 - 6.4. Arquitectura tradicional
 - 6.5. Patrimonio etnolóxico
 - 6.6. Vías culturais
- 7. VALORACIÓN DA INTERVENCIÓN**



1.- FICHA TÉCNICA

ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA:	Estudo do Patrimonio Cultural do Monte da Pena (Outes, A Coruña)
SITUACIÓN:	Santo Ourente de Entíns (Outes, A Coruña)
ENTIDADE PROMOTORA:	Concello de Outes
EMPRESA DE ARQUEOLOXÍA:	Arkaios S.L.
ARQUEÓLOGO DIRECTOR:	Manuel Lestón Gómez
CÓDIGO SXPA:	CT 102A 2020/1075-0
EXPEDIENTE SERVIZO ARQUEOLOXÍA:	02.C.1389.2020.001
DURACIÓN DO TRABALLO DE CAMPO:	2 días
DATAS DO TRABALLO DE CAMPO:	Do 26 de Marzo ó 2 de Xuño do 2021



2.- MOTIVO DA ACTUACIÓN

A realización da presente actuación arqueolóxica obedece á solicitude realizada polo **CONCELLO DE OUTES**, con domicilio na *Rúa da Vila 1, 15230 Serra de Outes, A Coruña*; de contar cun Estudo do Patrimonio Cultural da área xeográfica do *Monte da Pena*, localizada entre este termo municipal e o límite de *Negreira*.

Esta intervención arqueolóxica intégrase dentro dos traballos que na actualidade está a desenvolver o *Concello de Outes* de cara a declaración desta área xeográfica como *Espazo Natural de Interese Local (ENIL)*.




3.- SITUACIÓN E CARACTERÍSTICAS DA ÁREA DE ESTUDO

A área xeográfica do *Monte da Pena*, delimitada no proxecto que na actualidade está a desenvolver o *Concello de Outes* de cara a súa declaración como *Espazo Natural de Interese Local*, abrangue unha superficie aproximada de 67 ha.

Administrativamente a maior parte desta superficie pertence ó concello de *Outes*, e menos da súa cuarta parte esténdese polo concello de *Negreira*, co que limita polo leste.

No concello de *Outes* abarca terreos da parroquia de *Santo Ourente de Entíns*; sendo as aldeas situadas máis preto desta área xeográfica: *Buíste*, *Os Casais*, *Mourelas*, *O Piñeiro* e *O Vilar*. No que respecta ó concello de *Negreira*, esténdese por terreos da parroquia de *Xallas (S.Pedro)*, sendo *Os Outeiros* e *A Salgueira* as aldeas que se atopan máis preto.



Localización da área de estudo sobre cartografía do IGN

Dende o punto de vista fisiográfico, os terreos nos que se levou a cabo o presente estudo ocupan o cume dunha serra que serve de divisoria dos concellos de *Outes* e *Negreira*.

Trátase dunha zona que tradicionalmente se lle ven dando un uso forestal extensivo, maioritariamente cuberta de matogueira, con abundantes afloramentos rochosos, sendo a superficie arborada escasa, e moi reducida a de uso agrícola.



4.- CARACTERÍSTICAS DO ESTUDO DO PATRIMONIO CULTURAL

O traballo realizado para a elaboración do presente estudo consistiu basicamente nunha **prospección arqueolóxica superficial, encamiñada á localización dos posibles xacementos arqueolóxicos, e demais elementos pertencentes ó patrimonio cultural**, localizados na área xeográfica do *Monte da Pena* delimitada no proxecto que na actualidade está a desenvolver o *Concello de Outes* de cara a súa declaración como *Espazo Natural de Interese Local*, así como na súa contorna inmediata.

Deste modo, tendo en conta as características do presente traballo, a área de estudo dividiuse en dúas zonas diferenciadas nas que o traballo se realizou con diferente intensidade:

Área de prospección intensiva:

Desenvolveuse dentro da zona delimitada cara a súa declaración como *Espazo Natural de Interese Local*.

Dentro desta área de prospección intensiva, e como complemento da mesma, nos lugares onde o terreo presentaba algún tipo de remoción de terra procedeuse á súa inspección, co obxectivo de poder detectar calquera tipo de indicio ou resto material que puidese indicarnos a presenza de xacementos arqueolóxicos enterrados que non destacan en superficie.

Área de prospección extensiva:

Desenvolveuse a partir do límite da zona delimitada cara a súa declaración como *Espazo Natural de Interese Local*; cubrindo as distancias máximas que a *Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia*¹, recolle como contorna de protección para cada tipoloxía de ben cultural:

Patrimonio arqueolóxico:	200 m
Patrimonio arquitectónico:	100 m
Arquitectura tradicional:	50 m
Vías culturais:	30 m
Patrimonio etnolóxico:	20 m

O traballo de campo estivo apoiado polo estudo da **microtoponimia** da zona, así como pola realización de **enquisas** puntuais a todas aquelas persoas que se considerou podían aportar informacións válidas que conducisen á localización de calquera xacemento ou outro tipo de elemento do patrimonio cultural.

¹ *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Art. 38, apartado 2. DOG nº 92 de 16 de Maio de 2016.*



4.1.- ANÁLISE DOCUMENTAL PREVIA

Co obxectivo de posuír unha documentación o máis actualizada posible, antes de iniciar o traballo de campo procedeuse a unha análise e revisión documental que podemos resumir nos seguintes puntos:

- **Consulta das fichas de inventario de xacementos arqueolóxicos** catalogados nos concellos de *Outes* e *Negreira*, depositadas na *Dirección Xeral do Patrimonio Cultural* da *Xunta de Galicia*; co obxectivo de ter un coñecemento previo e actualizado dos xacementos arqueolóxicos existentes dentro da área de estudo.
- **Consulta do planeamento urbanístico dos concellos de *Outes*² e *Negreira*³**, coa finalidade de contar co inventario do patrimonio cultural e áreas de protección recollidos neste planeamento e que se localiza na zona de estudo.
- **Plan básico Autonómico e Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento Provincial**, co obxectivo de definir aqueles elementos do patrimonio cultural que se atopan recollidos neste documento.
- **Relación de Bens de Interese Cultural de Galicia.**
- **Delimitación dos Camiños de Santiago.**
- **Revisión da bibliografía arqueolóxica e referente ó patrimonio cultural** existente sobre a zona de estudo.
- **Análise da fotografía aérea da zona de estudo posta a disposición do público polo *Instituto Geográfico Nacional*.**
- **Consulta e análise dos seguintes mapas topográficos**, co obxectivo de individualizar, tanto pola súa simboloxía como pola toponimia, calquera indicio que puidese facer referencia a elementos pertencentes ó patrimonio cultural:

E 1:25.000 do *Instituto Geográfico Nacional*

Folla: 68 – IV

E 1:10.000 da *C.O.T.O.P.*

Follas: 68 – 34 e 44

E 1:5.000 da *C.P.T.O.P.V.*

Follas: 93 – 68 e 78

² *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Outes*, aprobado o 2011-01-11 (DOG 2011-01-25, BOP 2011-02-08).

³ *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Negreira*, aprobado o 1999-05-18 (DOG 1999-05-27, BOP 1999-06-04).



4.2.- CARACTERÍSTICAS DO TRABALLO DE CAMPO

Na parte máis alta da área de estudo destaca o gran afloramento granítico coñecido como *A Pena*, orixe do topónimo que individualiza esta unidade xeográfica: *Monte da Pena*.



Visible dende varios quilómetros de distancia, no seu cume hai construído un vértice xeodésico. Dende este punto hai unha ampla visión circular que abarca dende as terras altas da penechira de *Xallas* ata a *ría de Muros*.





Este gran afloramento granítico, sobre todo na contorna inmediata á súa base ten sido obxecto dun aproveitamento tradicional como pedreira, como así o testemuña a presenza de abundantes restos da actividade de canteiros: marcas de cuñas de extracción, grandes bloques de pedra abandonados a medio traballar, así como abundantes restos do desbastado inicial realizado no primeiro momento de preparación da pedra.





Como xa se anticipou nun apartado anterior, a zona obxecto de estudo caracterízase por ter na actualidade un uso forestal extensivo. A vexetación presente está maioritariamente formada por unha densa cuberta de matogueira, con abundantes afloramentos rochosos intermedios, sendo a superficie arborada escasa, e moi reducida a de uso agrícola.

Esta matogueira, formada maioritariamente por toxos, nalgúns zonas de importante porte, é polo xeral bastante densa; feito que dificulta enormemente e percorrido a pé da maior parte da área obxecto de estudo.



Dous exemplos da cuberta de toxos presente na zona alta da área de estudo





Foi precisamente esta característica, a presenza dunha densa vexetación, a maior dificultade coa que nos atopamos durante a realización do traballo de campo. Esta circunstancia impediu que en moitas zonas, sobre todo naquelas cunha maior pendente, se levase a cabo unha prospección con todo o detalle que sería aconsellable.

No momento de inicio do traballo de campo tomouse como punto de partida o coñecemento previo que se posuía sobre a presenza, dentro da área de estudo, de varios xacementos arqueolóxicos de carácter tumular.

Deste xeito, e sen desbotar a posibilidade de que puidesen rexistrarse outro tipo de xacementos, concretábelos na posible identificación de gravados ó ar libre ou a pouco probable localización de material arqueolóxico en superficie, déuselle unha especial preferencia a aquelas zonas consideradas de maior potencialidade arqueolóxica tendo en conta as súas características topográficas.

De acordo con este criterio, durante a realización do traballo de campo déuselle un maior protagonismo ás zonas máis chairas e de pendentes máis suaves, máis facilmente camiñables e abarcables visualmente, nas que se levou a cabo unha prospección de carácter máis intensivo; mentres que nas zonas de pendentes máis acusadas, ou nas que simplemente era case imposible o tránsito, a prospección tivo un carácter máis extensivo.

No que respecta á realización dunha prospección de maior cobertura e intensidade mediante a inspección de cortes e remocións do terreo que permitise localizar calquera tipo de resto ou indicio arqueolóxico en superficie, debe sinalarse que as zonas inspeccionables son case nulas debido á densa cuberta de vexetación á que xa se fixo referencia anteriormente.

Por outra parte, debe destacarse a abundancia de afloramentos graníticos presentes na zona de traballo, que foron inspeccionados coa finalidade de poder detectar calquera tipo de gravado que puidese localizarse sobre eles.

Neste último caso, o maior condicionante co que nos atopamos foi a presenza en moitos destes afloramentos dunha abundante capa de musgo e liques, que limitan a visión da superficie da pedra.



4.3.- AS MÁMOAS 1 E 2 DE PEDRA VELLA (GA15064020 e GA15064036)

Un bo exemplo das dificultades derivadas da densa vexetación que cubre a zona puidemos comprobalo nos xacementos catalogados no concello de Outes como *Mámoas 1 e 2 de Pedra Vella*, que figuran inscritas no *Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural* cos códigos GA15064020 e GA15064036: dous xacementos tumulares de pequeno tamaño que de acordo coa información que figuraba no referido inventario, atopábanse situados moi próximos entre si.

A maiores, a localización destes xacementos contou cunha dificultade engadida, xa que unha vez consultadas tanto as fichas de inventario da *Dirección Xeral do Patrimonio Cultural*, como as fichas recollidas no *Plan Xeral de Ordenación do Concello de Outes*, así como o *Plan Básico Autonómico*, púidose apreciar que as coordenadas que facían referencia á súa situación non eran coincidentes.






Imaxe superior: Densa capa de toxos na zona na que o PBA situaba a Mámoa 1 de Pedra Vella.

Imaxe inferior: A mesma capa de toxos que se estende nas zonas nas que segundo as fichas de inventario da DXPC e o PXOM de Outes se situarían as Mámoas 1 e 2 de Pedra Vella.



Preséntase a continuación, na páxina seguinte, un plano de detalle, elaborado sobre a cartografía E 1:5.000 da *Xunta de Galicia*, no que se reflicten as diferentes posicións recollidas para estes xacementos na documentación consultada.



PROMOTOR:  Concello de Outes	EQUIPO ARQUEOLÓXICO:  ARKAIOS	ESCALA: 1:2.000 ORIGINAL A-3	PROXECTO: ESTUDO DO PATRIMONIO CULTURAL DO MONTE DA PENA (Outes e Negreira. A Coruña)	PLANO: SITUACIÓN Necrópole Megalítica de Pedra Vella	N° PLANO: 1	DATA: XUÑO 2021
--	---	------------------------------------	--	--	----------------	-----------------------



Para a súa localización exacta foi de gran utilidade poder contar coas fotografías do momento de realización da ficha de inventario da *Dirección Xeral do Patrimonio Cultural*, do ano 1996. Deste xeito, comprobando sobre o terreo o encadre co que foron realizadas, e tomando como referencia algúns elementos xeográficos diferenciáveis, púidose realizar unha primeira aproximación á súa área de localización.



*Imaxe superior: Fotografía da **Mámoa 1 de Pedra Vella** incluída na Ficha de inventario redactada pola arqueóloga Dolores Gil Agra no ano **1996**.*

*Imaxe inferior: A mesma zona, ó inicio do traballo de campo, en Marzo do **2021**.*





Imaxe superior: Fotografía da **Mámoa 2 de Pedra Vella** incluída na Ficha de inventario redactada pola arqueóloga Dolores Gil Agra no ano **1996**.

Imaxe inferior: A mesma zona, ó inicio do traballo de campo, en Marzo do **2021**.





Porén, comprobouse que a área na que se consideraba se atopaban estes dous elementos difería sensiblemente con respecto á posición recollida tanto nas fichas de inventario da *Dirección Xeral do Patrimonio Cultural*, como nas fichas recollidas no *Plan Xeral de Ordenación do Concello de Outes*, así como no *Plan Básico Autonómico*.

Ante esta situación, e coa finalidade de dilucidar definitivamente cal das catro posicións que eran posibles para cada un destes túmulos era realmente a correcta, propúxoselle ó *Concello de Outes*, como promotor do estudo, acometer a limpeza da vexetación presente na zona na que se presupoñía se localizaban estes dous xacementos tumulares.

Esta limpeza, realizada polo persoal encargado do mantemento de xardíns do *Concello de Outes*, levouse a cabo baixo a supervisión do arqueólogo que asina o presente documento, sendo a súa execución efectiva realizada en varios días dos meses de Abril e Maio.

Como xa se citou con anterioridade, a vexetación presente na zona na que se presupuña a situación destes dous xacementos estaba composta por unha densa matogueira formada por toxo que superaba en moitos casos o metro de altura. A limpeza desta vexetación realizouse empregando unha rozadora manual, coa que se procedeu a cortar o toxo existente ata poder acadar unha correcta visión da superficie do terreo.

Ante a sospeita de que algunhas das pedras de mediano tamaño que ían sendo visibles en superficie puidera proceder da estrutura interna dalgún dos túmulos, durante a realización desta corta tívose especial coidado en non afectar a ningunha delas. Asemade, deixáronse en pé os poucos piñeiros presentes nas inmediacións dos túmulos, dos cales ningún deles se atopaba sobre a superficie tumular.



Limpeza da vexetación presente sobre a Mámoa 1 de Pedra Vella



*Imaxe superior: Limpeza da vexetación presente sobre a **Mámoa 1 de Pedra Vella**.*

*Imaxe inferior: Ídem sobre a **Mámoa 2 de Pedra Vella**.*





Imaxe superior: *Limpeza da vexetación presente sobre a Mámoa 2 de Pedra Vella.*

Imaxe inferior: *Ídem.*






A medida que o proceso de limpeza ía avanzando, íase confirmando plenamente que era correcta a posición que, unha vez realizada a primeira visita de traballo de campo, se presupoñía para a localización destes xacementos.


Procédese a continuación a presentar varias fotografías nas que se aprecia o estado final no que quedaron os túmulos unha vez rematada a limpeza de vexetación.



Imaxe superior: **Mámoa 1 de Pedra Vella**: vista dende o Suroeste


Imaxe inferior: Ídem dende o Nordeste, vendo a súa relación especial coa Mámoa 2.





Imaxe superior: **Mámoa 2 de Pedra Vella**: vista dende o Suroeste, vendo a súa relación coa Mámoa 1.

Imaxe inferior: Ídem dende o Norte, vendo a súa relación especial coa Mámoa 1.





Unha vez finalizada a limpeza de vexetación comprobouse que o estado de conservación destes dous xacementos era bo, non apreciándose ningún tipo de afección realizada con posterioridade ó seu momento de catalogación no ano 1996.


Na **Mámoa 1 de Pedra Vella** apréciase perfectamente un cráter de violación central, aberto en gaba cara ó Sueste do perímetro da masa tumular, que xa era visible no ano 1996. A presenza de varias pedras nas súas proximidades, acadando algunhas o metro de lonxitude, suxire a posibilidade de que, senón todas, unha boa parte delas proceda da estrutura interna do monumento, e incluso cun probable corredor de acceso. O resto da superficie do xacemento atópase ben conservado.

No que respecta á **Mámoa 2 de Pedra Vella**, o seu estado de conservación é, aparentemente, excelente. Se existe cráter de violación central debe de ser de moi reducidas dimensións e estar moi colmado. O feito de que se trate dun túmulo que a penas destaca en altura non pode atribuírse a ningunha alteración recente; trátase da súa configuración orixinal.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto relativo á dificultade coa que nos atopamos para a localización destes dous xacementos tumulares, e coa finalidade de ofrecer un rexistro máis exhaustivo do traballo realizado, unha vez rematada a limpeza fíxose o levantamento topográfico detallado destes dous xacementos e da súa contorna inmediata.

Preséntanse a continuación dous planos cos resultados do traballo de topografía realizado:

- Levantamento topográfico do conxunto das *Mámoas 1 e 2 de Pedra Vella*, elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola *Francisco Javier Cambeiro Gerpe*. A equidistancia de curvas de nivel empregada é de cada 10 cm,
- Adaptación deste levantamento topográfico, indicando a situación dos dous xacementos tumulares.



AZIMUTH
SERVICIOS TOPOGRÁFICOS


INSPECCIONES - INFORMES PERICIALES
PARTICIONES DE HEREDIERAS
CATASTRO - PROYECTOS - GPS

Avda. Finisterre, 20-22, 1ª Edificio O Horreo
15230 Outes (A Coruña)
Tfno. 649 477 023 azimuthtopografia@hotmail.es

DIBUJADO	NOMBRE	FECHA
COMPROBADO		
APROBADO		

REV.	FECHA	OBJETO REV.	REALIZADO	COMPROBADO

TITULO PROYECTO:	Levantamento topográfico das Mámoas 1 y 2 de Pedra Vella (GA15064020 e 036)			
TITULO DEL PLANO:	Curvas de nivel			
PETICIONARIO:	Arkaios S.L.			
EMPLAZAMIENTO:	Monte da Pena, Outes (A Coruña)			
DIBUJO REF.:	CLAVE PLANO:	ESCALA:	FECHA:	Nº PLANO:
		1/100 <small>Original en A3</small>	Junio 2021	1





5.- EQUIPO DE TRABAJO E TEMPO DE EXECUCIÓN

O traballo de campo necesario para o desenvolvemento do estudo sobre o patrimonio cultural, ó que fai referencia o presente documento, foi realizado por dous arqueólogos: *Manuel Lestón Gómez*, como arqueólogo director dos traballos, e *María Carmen Álvarez García*, como arqueóloga axudante.

A súa realización comprendeu un total de 2 días.




6.- PRESENTACIÓN DE RESULTADOS

Unha vez finalizados os diferentes aspectos do traballo necesario para a elaboración do presente estudo do patrimonio cultural, ós que se fixo referencia en apartados anteriores, expóñense os resultados acadados.

Preséntanse a continuación catro figuras nas que se resumen os resultados acadados:

- Plano xeral elaborado sobre a cartografía E 1:5.000 da *Xunta de Galicia*, no que se reflicte a poligonal definida como límite do ámbito da proposta de declaración desta área xeográfica como *Espazo Natural de Interese Local (ENIL)*, coa situación da totalidade dos elementos pertencentes ó patrimonio cultural rexistrados.
- Ortofoto do *Instituto Geográfico Nacional*, do ano 2020, no que se reflicte a mesma información do punto anterior.
- Levantamento topográfico do conxunto da área de estudo, elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola *Francisco Calo Abelleira* para o concello de *Outes*.
- Adaptación deste o levantamento topográfico, indicando a situación da totalidade dos elementos pertencentes ó patrimonio cultural rexistrados.

Posteriormente, realizarase unha descritiva máis detallada de cada un dos elementos pertencentes ó patrimonio cultural rexistrados.








LEENDA

- PATRIMONIO CULTURAL. SITUACIÓN
- ÁREA DE CAUTELA PXOM
- LÍMITE DA ÁREA DE ESTUDO





LEENDA


-  PATRIMONIO CULTURAL. SITUACIÓN
-  ÁREA DE CAUTELA PXOM
-  LÍMITE DA ÁREA DE ESTUDO

PROMOTOR:  Concello de Outes	EQUIPO ARQUEOLÓXICO:  ARKAIOS	ESCALA: 1:5.000 ORIGINAL A-3	PROXECTO: ESTUDO DO PATRIMONIO CULTURAL DO MONTE DA PENA (Outes e Negreira. A Coruña)	PLANO: PATRIMONIO CULTURAL LOCALIZADO SOBRE ORTOFOTO IGN 2020	N.º PLANO: 5	DATA: XUÑO 2021
---	---	------------------------------------	--	--	-----------------	-----------------------



LENDAS	
	Zona de actuación



Coordenadas UTM - Datum ETRS89

Nº PUNTO	X	Y
1	510.353,358	4.747.486,426
2	510.363,846	4.747.279,445
3	510.381,887	4.747.232,539
4	510.423,381	4.747.104,447
5	510.477,504	4.747.034,088
6	510.518,998	4.746.956,511
7	510.432,401	4.746.868,110
8	510.432,401	4.746.781,514
9	510.412,556	4.746.730,999
10	510.385,495	4.746.667,855
11	510.369,258	4.746.622,753
12	510.450,442	4.746.608,320
13	510.470,287	4.746.458,580
14	510.480,521	4.746.367,667
15	510.492,745	4.746.310,037
16	510.493,854	4.746.269,788
17	510.508,801	4.746.087,441
18	510.428,090	4.746.000,752
19	510.359,337	4.745.997,763
20	510.248,733	4.746.189,077
21	510.105,248	4.746.138,259
22	510.075,355	4.746.102,388
23	510.045,462	4.746.057,548
24	509.973,719	4.746.042,602
25	509.881,051	4.746.210,002
26	509.866,105	4.746.210,002
27	509.866,105	4.746.356,477
28	509.907,955	4.746.383,380
29	509.928,880	4.746.440,177
30	509.913,933	4.746.523,877
31	509.860,126	4.746.631,491
32	509.824,210	4.746.672,487
33	509.985,676	4.747.017,109
34	510.003,612	4.747.017,109
35	510.060,408	4.747.235,326
36	510.075,355	4.747.307,069
37	510.102,258	4.747.313,048
38	510.099,269	4.747.384,791
39	510.078,344	4.747.408,705
40	510.078,344	4.747.468,491
41	510.203,894	4.747.441,587
42	510.257,701	4.747.423,651
43	510.311,508	4.747.438,598

Código referencia: 20210429_01

LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO

REQUIRENTE: CONCELLO DE OUTES

INGENIERO TÉCNICO AGRÍCOLA:

FIRMA:

FRANCISCO CALO ABELLEIRA
 Nº Colegiado 1.781
 Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas
 (A Coruña-Pontevedra)



PARAXE: ENTORNO DE MONTE PENA

PARROQUIA: SAN OURENTE DE ENTINS

CONCELLO: OUTES

DATA:

ABR/21

ESCALA:


A3 / 1:5.000

PLANO:

1/1

LENDAX


- ● PATRIMONIO CULTURAL. SITUACIÓN
- ÁREA DE CAUTELA PXOM
- LÍMITE DA ÁREA DE ESTUDO



GA15056025
Mámoa de Pedra Vella

GA15062020
Mámoa 1 de Pedra Vella


GA15062036
Mámoa 2 de Pedra Vella



Coordenadas UTM - Datum ETRS89		
Nº PUNTO	X	Y
1	510.353,358	4.747.486,426
2	510.363,846	4.747.279,445
3	510.381,887	4.747.232,539
4	510.423,381	4.747.104,447
5	510.477,504	4.747.034,088
6	510.518,998	4.746.956,511
7	510.432,401	4.746.868,110
8	510.432,401	4.746.781,514
9	510.412,556	4.746.730,999
10	510.385,495	4.746.667,855
11	510.369,258	4.746.622,753
12	510.450,442	4.746.608,320
13	510.470,287	4.746.458,580
14	510.480,521	4.746.367,667
15	510.492,745	4.746.310,037
16	510.493,854	4.746.269,788
17	510.508,801	4.746.087,441
18	510.428,090	4.746.000,752
19	510.359,337	4.745.997,763
20	510.248,733	4.746.189,077
21	510.105,248	4.746.138,259
22	510.075,355	4.746.102,388
23	510.045,462	4.746.057,548
24	509.973,719	4.746.042,602
25	509.881,051	4.746.210,002
26	509.866,105	4.746.210,002
27	509.866,105	4.746.356,477
28	509.907,955	4.746.383,380
29	509.928,880	4.746.440,177
30	509.913,933	4.746.523,877
31	509.860,126	4.746.631,491
32	509.824,210	4.746.672,487
33	509.985,676	4.747.017,109
34	510.003,612	4.747.017,109
35	510.060,408	4.747.235,326
36	510.075,355	4.747.307,069
37	510.102,258	4.747.313,048
38	510.099,269	4.747.384,791
39	510.078,344	4.747.408,705
40	510.078,344	4.747.468,491
41	510.203,894	4.747.441,587
42	510.257,701	4.747.423,651
43	510.311,508	4.747.438,598

LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO

REQUIRENTE: CONCELLO DE OUTES

INGENIERO TÉCNICO AGRÍCOLA:	FIRMA:	PARAXE: ENTORNO DE MONTE PENA
FRANCISCO CALO ABELLEIRA		PARROQUIA: SAN OURENTE DE ENTINS
Nº Colegiado 1.781		CONCELLO: OUTES
Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra)		DATA: ABR/21
		ESCALA: A3 / 1:5.000
		PLANO: 1/1



6.1.- XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

Unha vez realizada a consulta do **Inventario de Xacementos Arqueolóxicos** depositado na *Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais* pertencente á *Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria* da *Xunta de Galicia*, foron rexistrados dous xacementos arqueolóxicos dentro do límite do ámbito da proposta de declaración como *Espazo Natural de Interese Local (ENIL)*, ambos situados administrativamente no concello de *Outes*:

- GA15064020 *Mámoa 1 de Pedra Vella*
- GA15064036 *Mámoa 2 de Pedra Vella*

Asemade, puido comprobarse que un terceiro xacemento, xa no concello de *Negreira*, atopábase fóra deste límite de ámbito, aínda que moi preto del, polo que debido a esta circunstancia decidiuse igualmente incluílo no presente estudo:

- GA15056025 *Mámoa de Pedra Vella*

Unha vez realizado o traballo de campo necesario para a elaboración do presente estudo, **non foi localizado ningún novo xacemento arqueolóxico.**

Procédese a continuación a expor os datos e características destes xacementos.



Xacemento: MÁMOA 1 DE PEDRA VELLA

Código de Inventario DXPC: GA15064020

Concello: Outes.

Coordenadas U.T.M. (ETRS89): X: 510.203
Y: 4.747.044
Alt.: 435,80

Descrición: Túmulo megalítico de 13 m de diámetro e 0,8 m de altura. Presenta violación central de 4 m de diámetro e 50 cm de fondo, aberta en gabia ata o perímetro Leste do túmulo. Cara ó exterior da zona Sur desta violación apréciase varias pedras de granito dispersas, identificadas como posibles restos dunha estrutura interna.

Estado de Conservación: Bo.

Figuras de Protección: Lei do Patrimonio Cultural de Galicia
Plan Básico Autonómico
PXOM Outes



Vista dende o Suroeste



Xacemento: **MÁMOA 2 DE PEDRA VELLA**

Código de Inventario DXPC: **GA15064036**

Concello: Outes.

Coordenadas U.T.M. (ETRS89): **X:** 510.190
Y: 4.747.039
Alt.: 435,40

Descrición: Túmulo megalítico de 12 m de diámetro e 0,3 m de altura.
Non se aprecia furado de violación.
Sitúase a menos de 5 m ó Suroeste da Mámoa 1.

Estado de Conservación: Moi bo.

Figuras de Protección: Lei do Patrimonio Cultural de Galicia
Plan Básico Autonómico
PXOM Outes



Vista dende o Sueste



Xacemento: **MÁMOA DE PEDRA VELLA**

Código de Inventario DXPC: **GA15056025**

Concello: Negreira.

Coordenadas U.T.M. (ETRS89): X: 510.406

Y: 4.747.252

Alt.: 463

Descrición: Túmulo megalítico de 13 m de diámetro e 0,7 m de altura.
Presenta violación central de 4 m de diámetro e 30 cm de fondo

Estado de Conservación: Bo.

Figuras de Protección: Lei do Patrimonio Cultural de Galicia
Plan Básico Autonómico
PXOM Negreira

Distancia respecto ó límite do ámbito da proposta de declaración de ENIL: 10 m



Vista dende o Norte



6.2.- MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS

Unha vez realizado o traballo de campo necesario para a elaboración do presente estudo, **non foi localizado ningún tipo de material arqueolóxico.**

6.3.- PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

No referente ó **patrimonio arquitectónico**, dentro da área obxecto de estudo definida no apartado 3 do presente documento, **non foi localizado ningún elemento pertencente a esta tipoloxía.**

6.4.- ARQUITECTURA TRADICIONAL

No referente á **arquitectura tradicional**, **non foi localizado ningún elemento pertencente a esta tipoloxía** dentro da área obxecto de estudo definida no apartado 3 desta memoria técnica.

6.5.- PATRIMONIO ETNOLÓXICO

No referente ó **patrimonio etnolóxico**, **non foi localizado ningún elemento pertencente a esta tipoloxía** dentro da área obxecto de estudo definida no apartado 3 desta memoria técnica.



6.6.- VÍAS CULTURAIS


No referente ás **vías culturais**, foi localizado un elemento pertencente a esta tipoloxía:

- *Camiño Real*

Desígnase con este nome a un vello camiño que discorre en sentido Norte-Sur atravesando case pola metade a área obxecto do presente estudo.

Aínda que durante a realización do presente estudo só se recorreu moi parcialmente un pequeno treito do percorrido que atravesa a área estudada, de acordo coa información aportada por varios veciños da zona, trátase dun camiño de longo recorrido que une as terras altas de *Negreira* coa banda Norte da *ría de Muros*, e viceversa.

Aínda que o seu estado de conservación parece bastante bo, a presenza de abundante vexetación cubrindo o seu trazado, sobre todo na súa metade Norte, imposibilitou nesta zona a súa inspección detallada.



Imaxe superior: Trazado do Camiño Real na metade Norte da área de estudo.

Imaxe inferior: ídem na metade Sur.





A presenza dunha abundante cuberta de toxos cubrindo esta zona seguramente veu motivada pola apertura dunha pista forestal en tempos recentes, que provocou que o vello trazado quedara en desuso.



Exteriormente á área de estudo, a partir do seu límite Norte, xa en terreos administrativamente pertencentes ó concello de *Negreira*, o trazado deste camiño foi aproveitado para a construción dunha pista forestal.



Tal e como xa se citou anteriormente, a denominación deste vello camiño procede da información oral recollida entre os veciños da zona; porén, como pode comprobarse nas dúas imaxes que se presentan a continuación, resulta estraño que o seu trazado non figurase recollido na súa totalidade nos mapas de camiños dos concellos de *Outes* ou *Negreira* elaborados polo *Instituto Geográfico y Catastral* nos anos 1941 e 1942, respectivamente.

Como pode comprobarse na páxina seguinte, só aparece grafada no plano correspondente ó concello de *Outes* o trazado da metade Sur do Camiño Real; mentres que a metade Norte non aparece grafada en ningún dos dous concellos.

Unha vez consultadas as Actas de Deslinde e os Cadernos de Campo, redactados nos anos 1920 e 1940 polos técnicos do *Instituto Geográfico y Catastral*, na actualidade dispoñibles para a súa consulta na páxina web do *Instituto Geográfico Nacional*, tampouco foi localizada ningunha referencia escrita á presenza deste camiño.



Imaxe esquerda: Detalle do plano xeral de camiños do concello de Outes elaborado polo IGC no ano 1941, no que se destaca en amarelo sobre o orixinal, o trazado da metade Sur do Camiño Real.

Imaxe dereita: Detalle do plano elaborado polo IGC no ano 1942, da área limítrofe pertencente ó concello de Negreira, na que non se aprecia a presenza de ningún camiño cartografado nesta zona.



7.- VALORACIÓN DA INTERVENCIÓN

Como xa se citou en apartados anteriores, a presente intervención arqueolóxica integrouse dentro dos traballos que na actualidade o *Concello de Outes* está a desenvolver de cara a declaración desta área xeográfica como *Espazo Natural de Interese Local (ENIL)*.

No momento da redacción do presente documento descoñecemos as posibles accións futuras que poderían, ou deberían, derivarse da consecución da referida declaración, encamiñadas á protección e conservación deste espazo natural. En calquera caso, considérase necesario recordar que estas accións deberían ter en conta os resultados aportados polo presente traballo.

Así, a presenza dos elementos do patrimonio cultural rexistrados dentro da área de estudo debe supor un valor engadido ó que xa lle é inherente como espazo natural.

Por este motivo, para finalizar o presente documento considérase oportuno realizar unha serie de recomendacións sobre as posibles accións a desenvolver sobre estes elementos do patrimonio cultural, coa finalidade de garantir tanto a súa conservación como a súa divulgación:

- En primeiro lugar: propónse o deseño dun plan de mantemento dos dous xacementos tumulares rexistrados dentro da área delimitada como ENIL, en terreos administrativamente pertencentes ó *concello de Outes*.
Este mantemento consistiría na realización dunha limpeza periódica destes dous xacementos tumulares e a súa contorna inmediata, ata unha distancia de 7 m medidos dende o límite exterior de cada un dos túmulos.
Esta limpeza, que debería realizarse baixo control arqueolóxico, podería ser perfectamente factible co emprego dunha rozadora manual.
Asemade, e coa finalidade de facilitar esta acción, propónse a colocación dalgún tipo de fito, preferiblemente en madeira e de pouca altura, delimitando esta superficie obxecto de limpeza.
Todo o anterior ven derivado da, na actualidade, reducida visibilidade destes dous túmulos, sobre todo no caso da *Mámoa 2 de Pedra Vella*, que dificulta a súa identificación sobre o terreo para calquera visitante non especializado en arqueoloxía.
- En segundo lugar: considérase que sería interesante a documentación da totalidade do trazado do vieiro coñecido polos veciños da zona como *Camiño Real*.
O estudo do trazado deste antigo camiño, e dos posibles elementos do patrimonio cultural asociados, poderían aportar informacións útiles que permitisen definir mellor a súa orixe e axudasen a encadrarlo historicamente.
- En terceiro lugar: considérase necesario incluír a referencia á presenza destes elementos do patrimonio cultural en calquera programa de divulgación que no futuro se poida acometer sobre este espazo natural.



- E para finalizar, en cuarto lugar: quere recordarse que o coñecemento que posuímos sobre o patrimonio cultural, presente en calquera área xeográfica, é sempre o resultado dun proceso continuo de acumulación de coñecemento.

Esta circunstancia é aínda máis manifesta no caso do patrimonio arqueolóxico, xa que debido ás súas características é de máis difícil localización, sobre todo naquelas zonas que posúen unha densa cuberta vexetal ou son de difícil acceso.

Por todo isto, considérase necesario recordar que é posible que no futuro poidan chegar a documentarse novos elementos do patrimonio cultural, sobre todo arqueolóxicos, non rexistrados na actualidade.

De producirse esta circunstancia, os novos elementos rexistrados deberían ser tidos en conta no/s programa/s de mantemento e divulgación deste espazo natural, e tomar as medidas axeitadas de cara a facilitar a súa correcta documentación e asegurar a súa conservación futura.



Compostela, 21 de Xuño do 2021

Asdo.: Manuel Lestón Gómez